



ANUNCIO DO TRIBUNAL PARA PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA O PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A COBERTURA INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO/A EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN, ENCADRADAS NO GRUPO A SUBGRUPO A-1

RESULTADO DO PRIMEIRO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal Cualificador, o día 5 de novembro de 2018, para proceder á súa cualificación aplicando os criterios de cualificación establecidos no artigo 5.1, apartado a), das bases reguladoras da convocatoria, as persoas aspirantes aprobadas obtiveron as seguintes cualificacións:

NOME E APELIDOS	NOTAS
BERMEJO PLANA MANUEL	6,40
FERNÁNDEZ VILLAR CARLOS	7,00
RODRIGUEZ DORADO CÉSAR	6,60

O Tribunal determinou que a puntuación (nota de corte) esixida para superar o exercicio se corresponde con 25 respostas acertadas, unha vez descontadas, de ser o caso, a penalización por respostas incorrectas.

Os aspirantes admitidos ao proceso selectivo e non incluídos na anterior relación ou non se presentaron ou non superaron o exercicio, de conformidade co disposto no artigo 9 das bases xerais do proceso.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO.- O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena núm.30 (baixo) e, de forma complementaria, se publique na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) a relación coas cualificacións obtidas polos aspirantes aprobados, convocando aos candidatos que o superaron para a realización do **segundo exercicio obrigatorio e eliminatorio**, de carácter práctico que consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar a tarefa ou tarefas que propoña o tribunal, relacionadas coas materias obxecto do temario establecido no anexo I. No caso de desenvolverse de forma escrita, o exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal na data que se determine; o día **13 de novembro de 2018, ás 10:00 horas no sala de xuntas do Concello de Pontevedra situado na rúa Michelena núm. 30.**

Documento asinado electrónicamente pola secretaria do tribunal, en Pontevedra na data indicada na sinatura electrónica que consta na marxe inferior deste anuncio.

